

ANPA
FERVENZAS DE SEGADE
Asociación de Nais e Pais do IES AQUIS CELENIS

A Asociación de Nais e Pais dáche a benvinda ao noso centro educativo e aproveita para lembrarche que a Asociación é o instrumento de representación das nais e pais do alumnado do centro.

A Asociación participa activamente no eido cultural e educativo do centro e organiza actividades extraescolares abertas a todo o alumnado. Resumindo, os seus obxectivos son:

- Defender os dereitos das nais, pais e persoas titoras en todo o que atinxa á educación dos seus fillos/as.
- Colaborar no labor educativo do Instituto, dun xeito especial nas actividades extraescolares.
- Promover e desenvolver actividades deportivas, formativas, culturais e de estudo, así como programas de educación familiar para proporcionar aos pais, nais e titores/as coñecementos e orientacións relacionados coa súa función educadora.
- Participar nos órganos de representación do Instituto nos que estea establecido ou se requira a presenza da Asociación.
- Colaborar na elaboración, desenvolvemento ou modificación das normas de organización e funcionamento e os estatutos do centro e promover a participación da comunidade escolar no control e na xestión do centro,

Todo isto será posible coa colaboración e participación dos pais, das nais e de persoas titoras do alumnado na Asociación. A pertenza á nosa Asociación é voluntaria e supón unha achega económica de **20 €/ano**, por familia; só se paga por un dos irmáns aínda que haxa varios no centro.

Polo tanto, agradeceríámosche que entraras a formar parte da nosa Asociación como nai/pai de alumno/a do centro, estando abertos a todo tipo de suxestións e colaboracións. Para iso debes cubrir cos teus datos persoais e bancarios e os do/a alumno/a na ficha seguinte:

Grazas.

APELIDOS E NOME DO PAI OU NAI:

TELF:

CORREO ELECTRÓNICO:

APELIDOS E NOME DO/A ALUMNO/A:

CURSO:

DOMICILIO:

LOCALIDADE:

PROVINCIA:

DATOS BANCARIOS

**Nº DE CONTA :
(IBAN COMPLETO)**

anpaquiscelenis@gmail.com

En cumprimento da Lei de Protección de datos (LOPD), co presente documento autoriza Vde. á ANPA FERVENZAS DE SEGADE para o uso e tratamento de datos para as xestións e trámites directamente relacionados co funcionamento da Asociación